

BIBLIOTECA DO IES XELMÍREZ I. DÍA DO LIBRO E LETRAS GALEGAS

BUSCA DO TESOURO

Participantes: alumnado de 2º ESO

Data: martes 16 de maio de 2017

Horario: de 10.45 a 12.25 (3ª e 4ª horas)

2º ESO A:

Grupo 1: Andrea Recarey

Grupo 2: Paulo Ces

Grupo 3: Iago García

Grupo 4: Xulia Maroño

Grupo 5: Mariña Noya

2º ESO B

Grupo 1: Carmela González

Grupo 2: Uxía Núñez

Grupo 3: Lucía Vallejo

Grupo 4: Tais Senín

Grupo 5: Sergio García

2º ESO C

Grupo 1: Cristina Barreiro

Grupo 2: Ana Casas

Grupo 3: Uxía Romero

Grupo 4: Xiana Yáñez

Grupo 5: Diego Salvado

NORMAS DA BUSCA DO TESOURO

- ✓ Organizar os participantes de cada clase en grupos de 5 cun total de 15 grupos.
- ✓ Nomear un capitán que poderá levar un móbil con acceso a internet
- ✓ É imprescindible que o grupo leve lápiz e papel
- ✓ Identificar cada grupo cun distintivo
- ✓ O itinerario da busca estará indicado polo centro (tamén pavillón e acceso de entrada ao Instituto)
- ✓ Haberá 15 ubicacións
- ✓ Cada grupo sairá dunha ubicación diferente e ao mesmo tempo
- ✓ Nalgúns puntos hai que pasar probas para poder continuar
- ✓ O desenvolvemento da actividade deberá facerse mantendo un ton de voz adecuado para non interferir nas aulas que se están impartindo nese momento. Ademais do SILENCIO deberase conservar a limpeza. Se non fose así, a organización pode descalificar ao grupo ou grupos responsables por incumprimento destas normas establecidas.

PREMIOS

Concederase un **1º PREMIO** ao grupo que entregue, no menor tempo, na **BIBLIOTECA** todas as probas realizadas con corrección.


O premio consiste nun **COFRE SORPRESA!!!!** valorado en... pffffff!!!! Euros

Haberá un premio de consolación ao grupo que chegue en 2º lugar consistente nun **SOBRE SORPRESA!!!!** Valorado en... uffff!!!! euros

Ubicación 1: conserxería

PROBA 1: A Antonio, que ía sen paraugas nin chapeu, pillouno onte unha chuvieira. Cando chegou a casa tiña a roupa enchoupada, mais, malia levar a cabeza descuberta, non mollou nin un pelo. Como se explica?

PREGUNTA 1: Neste plano está sinalado un lugar onde se agocha un obxecto. Debedes buscalo e aportalo como proba cando chegedes á meta.



Ubicación 2: cafetería

PROBA 2: Hai dez días, o equipo de baloncesto do IES Xelmírez 1 gañou un partido por 76 a 40, mais ningún dos nosos alumnos encestou unha soa vez. Como foi posible iso?

PREGUNTA 2: Le este pequeno relato titulado "A capoeira" e responde: Por que se venga Gonzalo de Perucho?

El non se lembraba. Claro que non. Vinte anos son moitos na vida dun home. Cando me viu entrar na taberna do Alambrista, díxome: "Que hai, Gonzalo?" E eu como se nada: "Ola Perucho". E el "Vés feito un mozo". Xa se vía que non se lembraba. Pero eu non me esquecín daquelo e penso que non me hei de esquecer aínda que viva cen anos. Hai cousas que non. Díxenlle: "Perucho, lémbraсте do burro?" Non se lembraba. Ben se vía que non. O burro era pequeniño e andaba comigo como se fose un can. Eu faláballe: "Vai para o prado da Seca". E ía. Unha vez estaba eu sentado no mazadoiro, á porta da casa, tomando o fresco da noite e chegou o Perucho. "O voso burro entroume na horta e comeume uns repolos". E sen máis métese na corte e pégalleme un sachazo ao burriño na cabeza. A nai que o fixo! Estivo tres días morrendo. Á fin librou da morte, pero toleou. Era unha pena grandísima velo pegando coa testa contra as paredes. Tiveron que matalo. Eu xureilla por estas. Pero el non se lembraba e cando llo recordei, ríase como un parvo. Para min que estaba borracho. Pero tamén penso que se decatou de que a cousa non ía de risos porque se mataba a escapar da conversa. Todo era a me preguntar polo Brasil, que el coñecía moi ben aquilo, que estivera en Río e en Santos. A min que. Invitoume a beber. Bebín. Había moita xente e dixen invito eu, que imos facer festa, e ninguén dixo que non e beberon todos e todo o mundo era a me preguntar polo Brasil, e volta co Brasil e eu quería falar do burro e o Perucho que cómo anda o Brasil e eu: "Lémbraсте do burro?" E el: "Deixa en paz ao burro dunha vez". E eu que non señor, que non, que hai que beber en lembranza do burro, e a xente coa mosca detrás da orella e o taberneiro berrando pola muller: "Dosinda, trae máis viño que se acaba!" Armouse unha festa do demo. Eu digo a verdade: estaba borracho. Pero aínda que estivese sereno faría outro tanto. O Perucho xa non se tiña de pé e ríase. "Mira que lembrarte do burro!" Entón foi cando me veu a idea á cabeza. Pregunteille: "Sabes a capoeira, Perucho?" Respondeu: "Sei". "Logo imos botar unha". "Imos". Fomos. El estaba vello e xa non sabía. Non podía coas pernas. Pegueille un golpe e chimpeino patas enriba. Ergueuse e dixo: "Outra vez". Funme achegando. Pegueime a el. Saquei a subela e metinlla aquí na virilla. Despois tirei para arriba ata sentir as mans quentes de sangue. Cabíalle un puño polo buraco. Caeu redondo. Ninguén dixo nada. Naquel momento abría a quen fose. A min chulos, non.

Carlos Casares: *Vento ferido* (1967)

Ubicación 3: Pavillón

Proba 3: Dous integrantes do grupo deben facer o “apoio invertido”.

Pregunta 3: En que ano acadou España o seu primeiro campionato mundial de balonmán en categoría masculina?

Ubicación 4: Orientación

Proba 4: A “Comisión Española de Axuda ao Refuxiado” organiza un concerto co famoso tema dun afamado cantautor para denunciar as mortes de 15.000 migrantes no mar. Quen é ese cantautor e como se titula a canción?

Pregunta 4: O acoso escolar ou bullying é un drama para moitos escolares. Habitualmente se escenifica nos centros educativos e ten tres tipos de actores principais: a vítima, os agresores e os espectadores. Para facelo visible é fundamental o coñecemento dos distintos perfís do alumnado implicado nestes actos, xa que poden proporcionar pistas ante posibles casos de acoso e manter as alertas e a vixilancia axeitada.

Podedes escribir 3 características que respondan ao perfil do acosador?

- 1.
- 2.
- 3.

Ubicación 5: Aula Magna

Proba 5: Teño as cinco vogais e non son o principal:

Pregunta 5: Se buscas ben na Rede, acharás que a obra infantil de Carlos Casares titulada “*A galiña azul*” trata dunha galiña que non é completamente azul porque ten nunha á exactamente cinco plumas doutra cor. De que cor son estas cinco plumas:

Ubicación 6: Aula de Relixión

Proba 6: Non fai falla ser un experto en leis para responder esta cuestión: Por que non é legal enterrar en Santiago a un home que vive en Lugo?

Pregunta 6:

Le o seguinte texto que pertence ao libro *A galiña azul* e pinta un debuxo que faga alusión ao seu contido:

Onte morreu un peixe. Era un peixe azul e vermello. Apareceu flotando no estanque da fonte do xardín. O garda colleuno e levouno a enterrar. ¡Pobre peixe! Unha señora que vende laranxas, pavías, ameixas e mazás, dicía:

-Foi un neno que lle pegou cun pau.

O garda, que ten uns bigotes moi grandes, mirou para os nenos e preguntou:

-¿Quen foi?

Cando parecía que lle ían botar as culpas a un meniño loiro que se chama Xavier e que é moi traste, apareceu o Leoncio. Ti non te lembrás de Leoncio. O Leoncio é un tolo con manías de electricista. Pois, como che dicía, o garda dos bigotes íalle botar as culpas ó neno traste, cando apareceu o Leoncio. Subíuse ó alto dun banco e pronunciou o seguinte discurso:

-Señor garda: Onte fixo moita calor. Estaba eu sentado aquí neste banco, cando chegou un paxaro a beber. Viña tan canso que caeu desmaiado antes de chegar á fonte. No chan daba chiídos de dor. Entón un peixe pegou un salto, saíu da fonte e colocouse debaixo do bico do paxaro para que este puidera beber as pinguiñas de auga que esbaraban polo seu corpo azul e vermello. Ó sentir o fresquiño, o paxaro volveu en si e bebeu, pero cando acabou de beber, o peixe estaba morto. Eu mesmo collín o seu corpo e depositeino de novo na fonte.

O garda foise e xa non lle quixo botar as culpas ó meniño loiro.

"O peixe da fonte do xardín" (Carlos Casares)

Ubicación 8: Oficinas

PROBA 8:

Nun caixón hai 10 calcetíns grises e 20 azuis. Se metes a man a escuras no caixón, cantos calcetíns hai que sacar para estar seguro de ter un par de calcetíns dunha soa cor?

PREGUNTA 8:

Le este relato curto publicado en "La Voz de Galicia", 7 de agosto de 2001, de Carlos Casares titulado "O día que dona Ramonita puxo un ovo" e responde:

Cantos ovos puxo, en realidade, dona Ramonita?

O día de fin de ano, ás nove da noite, mentres agardaba sentada no sofá para ver a mensaxe do Rei, dona Ramonita Verdes puxo un ovo. Ó principio pensou noutra cousa, pero cando viu o produto do esforzo que fixera, limpo como neve, do mesmo tamaño que os ovos de galiña, aquela señora bondadosa, amiga dos pobres e con sonda de santa, ergueuse e chamou ó médico.

Molestoulle que aquel home sabio, que coidara a súa saúde durante sete décadas, se desentendera daquel xeito desabrido dun asunto tan dramático e lle dixera que avisara a un veterinario. Non sabía se a tomara por tola, se pretendera chamarlle besta, ou simplemente a aconsellara como debía, pois en realidade non se trataba dun problema médico.

Vencendo a vergonza, dona Ramonita chamou ó veterinario, un rapaz novo, a quen a penas coñecía, e deulle a novidade. O home díxolle que se metese na cama e presentouse de seguida. Mandouna poñerse boca abaixo, apalpouna, díxolle que se volvera, pediulle logo que se situara en posición de galiña, que cantase cacaracá e que empurrase.

Dona Ramonita puxo outro ovo e escoitouse un trono. O veterinario dictaminou que aquilo era cousa do crego. Pouco despois, a dama, asistida polo bispo, comulgaba, pedía perdón polos pecados, e entregaba a alma a Deus. Os ovos gárdanse desde entón nos sotos da Catedral, nunha caixa forte. Polo visto, levan dentro unha blasfemia capaz de desencadear a fin do mundo, cousa que ninguén se explica, porque dona Ramonita Verdes era delgada como un fío. E unha santa.

Ubicación 9: Aula de Inglés (2). Aula 207

PROBA 9: Le esta columna que se publicou orixinalmente o 23 de febreiro de 1998 e responde: A que fai referencia Carlos Casares na frase final coa expresión “máquinas perfectas”?

Domingo de Entroido

O domingo pola mañá achegueime ata Xinzo de Limia para ver o entroido. Xa se sabe que na miña vila hai un vello costume: todo aquel que non leve algún tipo de disfraz, mesmo que sexa un poncho mexicano, uns bigotes postizos, un gorriño de papel ou un nariz de pallaso, expónse a ser collido no aire polas cuadrillas de pantallas e introducido pola forza no primeiro bar que se encontre, onde debe invitar a unha ronda. De maneira que só os forasteiros despistados se atreven a transitar pola rúa vestidos de persoas.

A min nunca me valeron nin os bigotes nin os lentes falsos de miope escandaloso nin os gorriños de cucurucho para libramme de pagar o foro. Ano tras ano, fun collido e transportado polo aire por grupos de mozos fornidos, moitos dos cales resultaban ser, como eles mesmos se encargaban de explicarme, fillos de amigos meus.

Este ano merquei unha careta de pato cuacuá e conseguín que ninguén me atrapase. Dese xeito, puiden contemplar a festa con tranquilidade. Había monxas de minisaia, bispos con cara de senvergonzas, dromedarios, falsos curas, mozas despendoladas... Unha explosión de vitalidade irreverente e feliz. Cando me volvíñ, xa pola tarde, unha cegoña atravesaba o ceo, moi alta. Pareceume moi fermosa, máis que ningunha desas máquinas perfectas que dentro de poucos días van caer como un demo furioso sobre Bagdad.

PREGUNTA 9: Que obra de Carlos Casares é considerada como obra inaugural do teatro infantil en galego? Que premio recibiu?

Ubicación 10: Laboratorio de Química

PROBA 10: Buscade e sinalade un “matraz aforado”.

PREGUNTA 10: Para que serve un “matraz aforado” e para que o utilizastes vos no laboratorio?

Ubicación 11: Aula de Castelán (3). Aula 201

PROBA 11: De los siguientes avisos que se han recogido de tabloneros de anuncios de distintas parroquias, solo UNO está redactado de tal modo que no lleve a interpretaciones erróneas:

Son avisos parroquiales, reales todos ellos, y que seguramente habrán sido escritos con toda la buena voluntad...

- a) Para quienes entre ustedes tienen hijos y no lo saben, tenemos en la parroquia una zona arreglada para niños.
- b) El próximo jueves, a las cinco de la tarde, se reunirá el grupo de las mamás. Las señoras que deseen entrar a formar parte de las mamás, por favor, pedir entrevista para que las atienda el párroco en su despacho.
- c) Recuerden que el jueves empieza la catequesis para niños y niñas de ambos sexos.
- d) Estimadas señoras, ¡no se olviden de la venta de beneficencia! Es una buena ocasión para liberarse de aquellas cosas inútiles que estorban en casa. Traigan a sus maridos.
- e) Recuerden en la oración a todos aquellos feligreses de nuestra parroquia que están cansados y desesperados.
- f) Por favor, pongan sus limosnas en el sobre, junto con los difuntos que deseen que recordemos.
- g) El párroco encenderá su vela en la del altar. El diácono encenderá la suya en la del párroco, y luego encenderá uno por uno a todos los fieles de la primera fila.

PREGUNTA 11: Debes responder correctamente estas cuestiones:

<p>1.- Te encuentras en una habitación con cuatro puertas. Una puerta está vigilada por una <u>legión de soldados romanos</u> dispuestos a todo. Otra puerta está custodiada por diez <u>perros Doberman rabiosos</u>. La tercera puerta está custodiada por <u>diez cocodrilos</u> de dos metros de largo cada uno. En la cuarta puerta hay un grupo de <u>veinte leones</u> muertos de hambre. ¿Por qué puerta saldrás de la habitación sin peligro? _____</p>	<p>2.- <i>“Nos encanta la música”</i>. ¿Cuál es el SUJ?</p> <p>A) Nos. b)Yo. c) La música. d) a nosotros.</p> <p>3.- Si del gallo es la cresta, del caballo es la</p>
--	---

Ubicación 12: Aula de Historia (2). Aula 103

PROBA 12:

Unha noite, aínda que o meu tío estaba lendo un libro apaixonante, a súa muller apagou a luz. A habitación quedou as escuras, tan negra como o carbón, pero o meu tío seguiu lendo sen inmutarse. Como é posible?

PREGUNTA 12:

Debes completar con tres palabras en francés o texto seguinte que publicou Carlos Casares o 27 de xullo de 1992:

Hai xa bastantes anos, despois de escoitar un disco de Gérard Philipe recitando fragmentos da máis coñecida obra de Saint-Exupéry, decidín traducila ao galego. Foi un dos traballos literarios que máis paixón despertaron dentro de min. Recordo moi ben as longas noites de inverno nun pequeno hotel en Viana do Bolo escribindo e reescribindo parágrafos, buscando palabras e comparando traducións.

Despois dediqueime a coleccionar traducións do mesmo libro a outras linguas e fun adquirindo cantos traballos atopei sobre o seu autor. Unha tarde quente dun mes de verán, a casualidade quixo que un crego de Ourense, emigrante en Francia, me presentase a monseñor Montdesert, bispo auxiliar de Lyon e fillo dun profesor de Saint-Exupéry, o mesmo que o bautizara co alcume alusivo ao seu nariz de Pique-la-lune. A conversa foi longa e ilustrativa para min.

Agora leo que unha empresa que fabrica champán vai financiar unha expedición destinada a buscar os restos do avión de guerra que pilotaba o escritor francés o día 31 de xullo do ano 1944, cando desapareceu fronte ás costas de Niza. Non é seguro que apareza nada, pero a empresa merece xa todos os parabéns. A decisión é fermosa e romántica. ¡Que non daría Consuelo, a muller salvadoreña do autor de “.....”, por asistir a este momento, coa esperanza que non tivo durante os anos que sobreviu ao seu home, ela que botaba tanto de menos un lugar onde depositar de cando en vez un ramiño de flores!

Ubicación 7: Aula de Tecnoloxía

PROBA 7: Quen foi o inventor do teléfono?

PREGUNTA 7: Entre Santiago e Noia circulan diariamente unha media de 12.400 vehículos na mesma dirección. Se a media de emisións de cada vehículo é de 150 g de CO₂ por km e a distancia entre ambas vilas é de 40 km.

Calcula os Kg de CO₂ emitidos á atmosfera polos coches que circulan en cada sentido.

Ubicación 13: Aula de Filosofía (1). Aula 106

PROBA 13: *Le esta columna que se publicou o 6 de maio de 2000 e responde a pregunta do final.*

Pasei a mañá de onte no colexio público de Alxén, en Salvaterra. Os alumnos de cuarto elixíronme como padriño do seu curso, puxéronlle o meu nome a unha aula e colocaron na porta, ademais, unha caricatura miña que encargaron a un caricaturista de Madrid. Antes tiven que falarlles, primeiro, e responder a unha batería enorme de preguntas, despois. Chamoume a atención que estivesen tan caladiños e que preguntasen tanto e tan ben. Unha rapaciña quixo que lles dixese algo en sueco e aproveitei para aprenderlles a dicir gracias, que se di “tack”, a poder ser, repetido como se fose unha metralleta. Foi unha das aventuras de toda a mañá.

Cando chegou o turno de firmarlles, un por un, nunhas cartolinas onde viñan pegadas estas columnas que escribo aquí, despois de poñer o nome deles e a continuación o meu, todos me dixeron con seriedade o mesmo: “Tack”, algúns na fórmula máis sinxela, pero outros facendo a metralleta, como lles dixera antes durante a charla.o

Cando xa saía, nas escaleiras estaban sentados os máis pequenos, acompañados dunha profesora. Nada máis verme, viñeron correndo, puxéronse arredor e empezáronme a amosar os debuxos que acababan de facer: retratos meus divertidísimos, nos que aparecía case sempre cun puro na man ou na boca. Escuso dicir que pasei unhas horas moi gratas, asombrado de que un grupo de nove profesores poidan realizar un traballo tan excelente. Durante o xantar, unha delas díxome que estes nenos e estas nenas non esquecerán na vida un día como este. Probablemente. Con certeza, eu tampouco o poderei olvidar. Nunca sospeitei, cando empecei a escribir, que isto fose tan fermoso.

Os nenos lle piden a Carlos Casares que diga algunha palabra porque coñecen a biografía do autor. Por que sabe palabras nese idioma?

PREGUNTA 13:

Que novela de Carlos Casares recibiu o Premio Galaxia en 1975?

Ubicación 14: Aula de Convivencia

PROBA 14:

Completa os títulos de obras de Carlos Casares.

- 1.- «_____ferido».
- 2.- «Lolo anda en _____».
- 3.- «A _____ azul».
- 4.- «I_u_t_í_í_a».
- 5.- «Os escuros soños de _____».
- 6.- «Deus sentado nun _____ azul».

PREGUNTA 14:

De que importante institución relacionada coa Lingua Galega foi membro Carlos Casares? Cando ingresou nela?

Ubicación 15: Aula de Economía / E.F. (Aula 102)

PROBA 15:

Le con atención o artigo de Carlos Casares publicado o 22 de xaneiro de 1994 e di se estas afirmacións son V (verdadeiras) ou F (falsas):

Os condutores sempre respectan os sinais de prohibido estacionar que poñen os concellos

O mellor método para que non se estacione nun espazo é sinalizalo cunha caixa de laranxas baleira?

Pola ventá do despacho vexo un home maduro, abrigado ata os dentes, cunha caixa de laranxas baleira na man e o rabo dunha vasoira vella na outra. Sen prestarlle moita atención, dun xeito case inconsciente e mecánico decido que debe ser un tolo. O individuo cruza a rúa, diríxese cara a unha das prazas de aparcamento sinaladas no chan con liñas brancas e deposita no lugar os artefactos. Entón decátome de que se trata dunha persoa normal, que o único que pretende é acoutar un espazo para estacionar despois o seu coche. O curioso é que durante preto dunha hora, mentres o señor non regresa co auto, todo o mundo respecta o sinal. Algúns condutores detéñense un momento, miran con atención a caixa de laranxas e o rabo da vasoira, dubidan quizais por uns segundos, pero despois seguen tranquilamente o seu camiño en busca doutra praza. A eficacia do invento é total. Desde logo, máis que esas raias de prohibición que os concellos pintan no pavimento das rúas e que case ninguén atende, mesmo que se trate das paradas do autobús. Pobo raro este, que sente máis respecto por un par de táboas vellas e un pau atravesados que por unha norma municipal perfectamente definida, xeométrica e limpa. Aínda que supoño que a cousa cambiaría só con que na caixa, por exemplo, puxese en letras claras o nome do concello. Seguro que pasaba a ser unha indicación inútil.

PREGUNTA 15:

- 1.- Cal é a primeira novela de Carlos Casares?